

HISTORIA DE ESPAÑA

MODELO DE EXAME: O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira.

PREGUNTA 1. RESPONDA OS DOUS APARTADOS SEGUINTE:

1.1. Defina brevemente catro dos oito termos: (0,5 puntos por definición)

1. Bárbaros, 2. Taifas, 3. Catastro de Ensenada, 4. Ludismo,
5. Frente Popular, 6. Afrancesados, 7. Nacional-catolicismo, 8. Estatuto Real

1.2. Desenvolva un dos catro temas:

- 2.1. Conquista e romanización. (3 puntos)
- 2.2. O réxime feudal e a sociedade estamental. (3 puntos)
- 2.3. A crise socioeconómica do século XVII. (3 puntos)
- 2.4. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias. (3 puntos)

PREGUNTA 2. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril na España do século XIX. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos á evolución dos sectores téxtil e siderúrxico e ás súas diferenzas rexionais, así como ás características do desenvolvemento ferroviario español e aos seus efectos sobre o conxunto da economía. (5 puntos)

Doc. 1. En 1860 o escritor catalán Manuel Angelón describía o desenvolvemento industrial de Cataluña: “En España a palabra industria trae infaliblemente á memoria a palabra Cataluña. O principado é sen dúbida o núcleo da forza e riqueza industrial da Península; Barcelona é chamada por propios e estraños a Manchester da nosa querida patria (...). Non hai probablemente industria ningunha que non teña en Cataluña a súa representación, e non en pequena escala, senón en vastas proporcións. Os fiados e tecidos de algodón, os estampados, os tecidos de seda e la nas súas múltiples calidades, damascos, veludos, tisús, encaixes, máquinas, papel, todo se fabrica no antigo principado”. Fonte: M. Angelón, Isabel II. Historia de la reina de España, Barcelona, López Bernegos Editor, 1860, p. 559.

Doc. 2. Distribución rexional da produción siderúrxica española (medias anuais en miles de toneladas):

Período	Produción	Andalucía	Biscaia	Asturias
1861-1865	45,65	14,65	11,73	13,17
1871-1875	45,53	4,46	8,72	24,90
1881-1885	131,59	2,89	76,71	40,08
1896-1900	289,24		227,69	102,81

Fuente: Jordi Nadal, *El fracaso de la Revolución Industrial en España*, Barcelona, Ed. Ariel, 1975, p.167.

Doc. 3. En febreiro de 1851 o diario conservador El Heraldo facíase eco da inauguración do ferrocarril Madrid-Aranxuez: “Poucas solemnidades viu Madrid desde a súa fundación que poidan compararse en brillo, (...) en esperanza do porvir, á que presenciou o domingo. A inauguración do ferrocarril de Aranxuez é o primeiro paso que dá a capital da monarquía cara ao mar; é o anuncio seguro de que tarde ou cedo os ricos produtos de Castela, da Mancha e dalgunhas provincias meridionais, estancados hoxe, e afogando na súa improdutivo abundancia ao seu mesmo produtor, impedindo a creación de capitais, e deixando ermos campos feraces que poderían alimentar a metade de Europa, lograsen baleirarse nos grandes mercados do mundo, e cambiarse polos produtos que necesitamos e de que carecemos”.

PREGUNTA 3. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre o movemento obreiro no último terzo do século XIX. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ao proceso de consolidación das sociedades obreiras en España, á identificación das principais organizacións da época e á delimitación das súas diferenzas ideolóxicas e estratéxicas. (5 puntos)

HISTORIA DE ESPAÑA

Doc. 1. A AIT aos obreiros españois. Xenebra, 26 de decembro de 1868: “O pobo español expulsou a raíña Isabel; nós posuímos a convicción de que non sufrirá máis o restablecemento do realismo. [...] Reivindicade polo tanto as reformas que a revolución política por si soa é incapaz de producir para o ben do pobo, para o ben de todos. [...] Irmáns de España: Vinde, adherídevos en masa á nosa obra; que as vosas sociedades obreiras veñan afiliarse á nosa asociación, que as seccións da Internacional se funden e multipliquen en todas as vosas cidades, en todas as vosas aldeas. O porvir é voso”.

Doc. 2. Proclama dirixida pola Comisión federal da Federación Rexional Española a todos os internacionais (Alcoi, 24 de febreiro de 1873): “[...] A base principal da revolución que anhelamos cremos que consiste na completa descentralización, ou mellor dito, na destrución total dos poderes autoritarios, eternos inimigos do progreso, da liberdade e da xustiza. [...] É preciso ir adiante cara ao triunfo da Anarquía e do Colectivismo, é dicir, a destrución de todos os poderes autoritarios e dos monopolios de clase, onde NON HABERÁ NIN PAPAS, NIN REIS, NIN BURGUESES, NIN CURAS, NIN MILITARES, NIN AVOGADOS, NIN XUÍCES, NIN ESCRIBÁNS NIN POLÍTICOS; pero si unha libre federación universal de libres asociacións obreiras agrícolas e industriais [...]”

Doc. 3. Estatutos da UXT, aprobados en Barcelona en 1888: “Artigo 1º. A Unión Xeral de Traballadores de España ten por obxecto: 1º. Reunir no seu seo as Sociedades, Federacións e Unións de Resistencia. 2º. Crear novas Seccións de oficio e constituílas en Federacións Nacionais. 3º. Mellorar as condicións de traballo. 4º. Manter estreitas relacións coas organizacións obreiras dos demais países que persigan o mesmo fin ca esta Unión, e practicar con elas, sempre que sexa posible, o principio da solidariedade. Artigo 2º. A Unión Xeral de Traballadores de España propónse realizar o seu obxecto apelando á folga ben organizada e solicitando dos Poderes públicos cantas leis favorezan os intereses do traballo, tales como a xornada legal de oito horas, fixación dun salario mínimo, igualdade de salario para os obreiros dun e outro sexo, etc. [...]”

PREGUNTA 4. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirle facer unha redacción sobre a crise da Restauración. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos aos efectos do desastre do 98, ao crecente papel do exército na vida política e aos principais grupos de oposición ao sistema. (5 puntos)

Doc. 1. “Quen debe gobernar despois da catástrofe” (Joaquin Costa, *Discursos políticos*, 1899): “Non temos perdón de Deus; perdémonos porque queremos [...]. Parecía natural, digo, que en agosto do ano anterior se renovase o persoal da política española, [...] aínda que non fose máis que por un sentimento de pudor e de pública honestidade. Pois non, señores; no canto de se xubilaren eles, preferiron que se xubile a nación, que é tida xa en Europa como fóra de servizo, [...] e logo que se viron outra vez arriba, nin sequera se lles ocorreu variar de conduta; volveron facer o mesmo de antes: durmir, aprazalo todo para mañá, deixar que España estea cada vez máis lonxe de Europa, porque Europa segue avanzando e nós, parados [...]”

Doc. 2. Lei de Xurisdicións (*Gaceta de Madrid*, 24 de abril de 1906): “DON ALFONSO XIII, pola graza de Deus e a Constitución Rei de España: A todos os que a presente viren e entenderen, sabede: que as Cortes decretaron e Nós sancionamos o seguinte: [...] Art.3º. Os que de palabra ou por escrito, por medio da imprenta, gravado ou outro medio mecánico de publicación, en estampas, alegorías, caricaturas, emblemas ou alusións, inxurien ou ofendan clara ou encubertamente o Exército ou a Armada ou institucións, armas, clases ou Corpos determinados do mesmo, serán castigados coa pena de prisión correccional. E coa de arresto maior nos seus graos medio e máximo a prisión correccional no seu grao mínimo os que [...] instigaren directamente á insubordinación en institutos armados ou a apartarse do cumprimento dos seus deberes militares a persoas que sirvan ou estean listas a servir nas forzas nacionais de terra ou mar [...]”.

Doc. 3. Noticia do mitin celebrado no teatro Variedades de Madrid (*Diario de Barcelona*, 12 xullo de 1909): “Efectuouse esta mañá o mitin convocado polo comité Socialista para protestar contra a guerra. Presidiu o señor Largo Caballero, quen expuxo o obxecto do acto. Despois de falaren algúns concorrentes fíxoo Pablo Iglesias, que estimou que toda guerra é prexudicial, e para España o é a de Marrocos [...]. Os reunidos aprobaron as seguintes conclusións: pedir ao goberno que non envíe forzas a Marrocos e que retire as que alí ten, e pedir autorización para celebrar o domingo unha manifestación de protesta contra a guerra.”.

HISTORIA DE ESPAÑA

MODELO DE EXAMEN: El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera.

PREGUNTA 1. RESPONDA LOS DOS APARTADOS SIGUIENTES:

1.1. Defina brevemente cuatro de los ocho términos: (0,5 puntos por definición)

1. Bárbaros, 2. Taifas, 3. Catastro de Ensenada, 4. Ludismo,
5. Frente Popular, 6. Afrancesados, 7. Nacional-catolicismo, 8. Estatuto Real

1.2. Desarrolle uno de los cuatro temas:

- 2.1. Conquista y romanización. (3 puntos)**
- 2.2. El régimen feudal y la sociedad estamental. (3 puntos)**
- 2.3. La crisis socioeconómica del siglo XVII. (3 puntos)**
- 2.4. Economía y sociedad en la Galicia de los Austrias. (3 puntos)**

PREGUNTA 2. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre los principales sectores industriales y el papel del ferrocarril en la España del siglo XIX. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a la evolución de los sectores textil y siderúrgico y a sus diferencias regionales, así como a las características del desarrollo ferroviario español y sus efectos sobre el conjunto de la economía. (5 puntos)

Doc. 1. En 1860 el escritor catalán Manuel Angelón describía el desarrollo industrial de Cataluña: “En España la palabra industria trae infaliblemente a la memoria a palabra Cataluña. El principado es sin duda el núcleo de la fuerza y riqueza industrial de la Península; Barcelona es llamada por propios y extraños la Manchester de nuestra querida patria (...). No hay probablemente industria ninguna que no tenga en Cataluña su representación, y no en pequeña escala, sino en vastas proporciones. Los hilados y tejidos de algodón, los estampados, los tejidos de seda y en sus múltiples calidades, damascos, terciopelos, tisús, encajes, máquinas, papel, todo se fabrica en el antiguo principado”. Fuente: M. Angelón, *Isabel II. Historia de la reina de España*, Barcelona, López Bernegos Editor, 1860, p. 559.

Doc. 2. Distribución regional de la producción siderúrgica española (medias anuales en miles de toneladas):

Período	Producción	Andalucía	Vizcaya	Asturias
1861-1865	45,65	14,65	11,73	13,17
1871-1875	45,53	4,46	8,72	24,90
1881-1885	131,59	2,89	76,71	40,08
1896-1900	289,24		227,69	102,81

Fuente: Jordi Nadal, *El fracaso de la Revolución Industrial en España*, Barcelona, Ed. Ariel, 1975, p.167.

Doc. 3. En febrero de 1851 el diario conservador El Heraldo se hacía eco de la inauguración del ferrocarril Madrid-Aranjuez: “Pocas solemnidades vio Madrid desde su fundación que puedan compararse en brillo, (...) en esperanza del porvenir, a la que presenció el domingo. La inauguración del ferrocarril de Aranjuez es el primer paso que da la capital de la monarquía cara al mar; es el anuncio seguro de que tarde o temprano los ricos productos de Castilla, de la Mancha y de algunas provincias meridionales, estancados hoy, y ahogando en su improductiva abundancia al mismo productor, impidiendo la creación de capitales, y dejando yermos campos feraces que podrían alimentar a la mitad de Europa, lograsen vaciarse en los grandes mercados del mundo, y cambiarse por los productos que necesitamos y de que carecemos”.

PREGUNTA 3. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre el movimiento obrero en el último tercio del siglo XIX. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos al proceso de consolidación de las asociaciones obreras en España, a la identificación de las principales organizaciones de la época y a la delimitación de sus diferencias ideológicas y estratégicas. (5 puntos)

HISTORIA DE ESPAÑA

Doc. 1. La AIT a los obreros españoles. Ginebra, 26 de diciembre de 1868. “El pueblo español ha expulsado a la reina Isabel; nosotros poseemos la convicción de que no sufrirá más el restablecimiento del realismo. [...] Reivindicad por tanto las reformas que la revolución política por sí sola es incapaz de producir para el bien del pueblo, para el bien de todos. [...] Hermanos de España: Venid, adheríos en masa a nuestra obra; que vuestras sociedades obreras vengan a afiliarse a nuestra asociación, que las secciones de la Internacional se funden y se multipliquen en todas vuestras ciudades, en todas vuestras aldeas. El porvenir es vuestro.”

Doc. 2. Proclama dirigida por la Comisión federal de la Federación Regional Española a todos los internacionales (Alcoy, 24 de febrero de 1873): “[...] La base principal de la revolución que anhelamos creemos consiste en la completa descentralización, o mejor dicho, en la destrucción total de los poderes autoritarios, eternos enemigos del progreso, de la libertad y de la justicia. [...] Es preciso ir adelante hacia el triunfo de la Anarquía y del Colectivismo, o sea, la destrucción de todos los poderes autoritarios y de los monopolios de clase, en donde NO HABRÁ NI PAPAS, NI REYES, NI BURGUESES, NI CURAS, NI MILITARES, NI ABOGADOS, NI JUECES, NI ESCRIBANOS NI POLÍTICOS; pero sí una libre federación universal de libres asociaciones obreras agrícolas e industriales [...].”

Doc. 3. Estatutos de la UGT, aprobados en Barcelona en 1888: “[...] Artículo 1º. La Unión General de Trabajadores de España tiene por objeto: 1º. Reunir en su seno a las Sociedades, Federaciones y Uniones de Resistencia. 2º. Crear nuevas Secciones de oficio y constituir las en Federaciones Nacionales. 3º. Mejorar las condiciones de trabajo. 4º. Mantener estrechas relaciones con las organizaciones obreras de los demás países que persigan el mismo fin que esta Unión, y practicar con ellas, siempre que sea posible, el principio de la solidaridad. Artículo 2º. La Unión General de Trabajadores de España se propone realizar su objeto apelando a la huelga bien organizada y recabando de los Poderes públicos cuantas leyes favorezcan los intereses del trabajo, tales como la jornada legal de ocho horas, fijación de un salario mínimo, igualdad de salario para los obreros de uno y otro sexo, etc. [...].”

PREGUNTA 4. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre la crisis de la Restauración. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a los efectos del desastre del 98, al creciente papel del ejército en la vida política y a los principales grupos de oposición al sistema. (5 puntos)

Doc. 1. Quién debe gobernar después de la catástrofe (Joaquín Costa, *Discursos políticos*, 1899): “No tenemos perdón de Dios; nos perdemos porque queremos [...]. Parecía natural, digo, que en agosto del año anterior se hubiera renovado el personal de la política española, [...] aunque no hubiese sido más que por un sentimiento de pudor y de pública honestidad. Pues no, señores; en vez de jubilarse ellos, han preferido que se jubile la nación, la cual es tenida ya en Europa como fuera de servicio, [...] y luego que se han visto otra vez arriba, ni siquiera se les ha ocurrido variar de conducta; han vuelto a hacer lo mismo de antes: dormir, aplazarlo todo para mañana, dejar que España esté cada vez más lejos de Europa, porque Europa sigue avanzando y nosotros, parados [...].”

Doc. 2. Ley de Jurisdicciones (*Gaceta de Madrid*, 24 de abril de 1906): “DON ALFONSO XIII, por la gracia de Dios y la Constitución Rey de España: A todos los que la presente vieren y entendieren, sabed: que las Cortes han decretado y Nós sancionado lo siguiente: [...] Art.3º. Los que de palabra o por escrito, por medio de la imprenta, grabado u otro medio mecánico de publicación, en estampas, alegorías, caricaturas, emblemas o alusiones, injurien u ofendan clara o encubiertamente al Ejército o a la Armada o a instituciones, armas, clases o Cuerpos determinados del mismo, serán castigados con la pena de prisión correccional. Y con la de arresto mayor en sus grados medio y máximo a prisión correccional en su grado mínimo los que [...] instigaren directamente a la insubordinación en institutos armados o a apartarse del cumplimiento de sus deberes militares a personas que sirvan o estén listas a servir en las fuerzas nacionales de tierra o mar [...].”

Doc. 3. Noticia del mitin celebrado en el teatro Variedades de Madrid (*Diario de Barcelona*, 12 julio de 1909): “Se ha efectuado esta mañana el mitin convocado por el comité Socialista para protestar contra la guerra. Presidió el señor Largo Caballero, quien expuso el objeto del acto. Después de hablar algunos concurrentes lo hizo Pablo Iglesias, que estimó que toda guerra es perjudicial, y para España lo es la de Marruecos [...]. Los reunidos han aprobado las siguientes conclusiones: pedir al gobierno que no envíe fuerzas a Marruecos y que retire las que allí tiene, y pedir autorización para celebrar el domingo una manifestación de protesta contra la guerra.”